



DECLARACIÓN DE FINANCIACIÓN da ORDE do 24 de agosto de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2023 (códigos de procedemento TR341K, TR341E, TR341N e TR341M).

Para o adecuado cumprimento do previsto no artigo 10 do Acordo de Financiación, declárase que a ORDE do 24 de agosto de 2023 (DOG núm. 172 do 11.09.2023) está financiada pola Unión Europea-NextGenerationEU e por fondos finalistas do Estado recibidos do Servizo Público de Emprego Estatal.

Todos os anexos da Orde do 24 de agosto de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2023 (códigos de procedemento TR341K, TR341E, TR341N e TR341M) enténdense financiados con fondos finalistas do Estado recibidos do Servizo Público de Emprego Estatal, así como no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Ao asinar o Anexo VI da dita orde, sobreenténdese que a persoa solicitante ou representante declara que informou á persoa traballadora de que esta subvención está financiada a través do mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e con fondos finalistas do Estado recibidos de Servizo Público de Emprego Estatal.

Mediante a sinatura desta declaración, o interesado confirma que recibiu a información de que esta subvención está financiada pola Unión Europea-NextGenerationEU e por fondos finalistas do Estado recibidos do Servizo Público de Emprego Estatal.

A Subdirección Xeral de Economía Social